



ROGO SOBRE A MALEZA EN SOLARES NAS INMEDIACIÓNS DA RÚA PINTOR XAIME QUESADA, NA PONTEPEDRIÑA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Grupo Municipal Popular temos recibido as queixas da Comunidade de Propietarios dos edificios radicados nos números 1-3 da rúa Pintor Xaime Quesada e Pintor Juan Luís nº 2-4, no barrio de Pontepedriña, en relación coa proliferación da maleza en dúas fincas colindantes con estas propiedades, que ao parecer incumpren a vixente Ordenanza municipal de Convivencia, Residuos e Limpeza viaria.

A situación destes dous terreos xa fora posta en coñecemento do Concello, mediante escrito presentado ante o rexistro municipal en data 2 de maio de 2014, a raíz do que se iniciou un expediente con apercibimento de sanción aos titulares no caso de non proceder á súa limpeza. Daquela, en 18 de marzo de 2015, logo da correspondente inspección, comprobouse que os titulares cumpriran coa ordenanza e acordouse o arquivo das actuacións e a conclusión do procedemento iniciado.

Transcorridos máis de dous anos, a situación das dúas fincas continua a xerar malestar entre a veciñanza que observa como a vexetación se eleva cada día máis á beira do seu edificio, chegando a acadar as fiestras nun dos casos (a finca situada na rúa Pintor Laxeiro) e invadindo tamén a rúa noutro caso (á beira do portal nº 2 na rúa Pintor Juan Luís). En ambos casos, o veciños aluden á presenza de residuos, insectos e roedores entre a mesta vexetación.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte **ROGO**:

Que por parte do Goberno Municipal se inicien os trámites para comprobar a situación das dúas fincas colindantes coa Comunidade de Propietarios das rúas Pintor Xaime Quesada 1-3 e Pintor Juan Luís 2-4, e, se fose o caso, se inste aos seus titulares ao cumprimento da ordenanza correspondente.

Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2017


Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

